

MEMORIA DE ACTIVIDADES NO 1997

=====

A FUNDACION NOVAS afrontou o seu cuarto ano de andaina cos ouxectivos marcados nos seus Estatutos Fundacionais: facilitar axudas académicas ós estudantes universitarios e proporcionar axudas para o desenrolo cultural i educativo da parroquia de Beluso, no concello pontevedrés de Bueu.

Ó longo do pasada ano, a FUNDACION NOVAS convocou unha nova edición das suas becas e axudas para universitarios. Neste senso, o Padroado da Fundación recibiu varias peticións para acceder a estas becas. Reunido o Padroado no mes de agosto (que contou coa asistencia do noso Presidente de Honra, D. José Novas Regueira), decidiuse conceder unha axuda para o xoven Eloy Gestido de la Torre, veciño de Beluso, cun excelente expediente académico –con nota media global de matrícula de honra- e unha situación económica familiar moi precaria. O Padroado tamén toma o acordo de conceder una axuda de 125.000 pesetas para o vindeiro curso académico para Eloy Gestido.

Na mesma reunión o Padroado decide manter tamén sendas axudas de 125.000 pesetas para os dous becados de anos anteriores, Fátima Entenza Martínez e Juan José García de la Torre.

Cumpre salientar que nese mes de agosto de 1997, voltou a Beluso o noso Presidente de Honra e fundador da nosa entidade. Con motivo de esta visita, o Concello de Bueu nomeou a D. JOSE NOVAS REGUEIRA, como “Fillo Predilecto”, primeira distinción que se fai neste Concello a un veciño. O acto tivo lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello de Bueu nunha sesión de honra celebrada o día 12 de agosto. O alcalde, D. Xosé Novas Piñeiro, en nome de todos os grupos municipais (Partido Popular, Bloque Nacionalista Galego e Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE) fixo entrega dunha placa en recordo do acto ao sr. Novas Regueira. O Padroado da Fundación, que non sufriu ningunha variación na súa composición ó longo do pasado ano, felicitou o noso fundador por este nomeamento.

O Padroado da Fundación tamén tomou o acordo de seguir concedendo unha axuda de cincuenta mil pesetas ó Colexio Público de Beluso. Esta axuda adícase á organización e financiación, xunto con outras entidades sociais e culturais, da Semana Cultural de San José, que todo-los anos ven de realizarse neste Colexio.

Tamén, o Padroado tomou a decisión de conceder unha axuda de cen mil pesetas para que fosen destinadas á merca de libros para a Biblioteca da Casa do Pobo de Beluso, dependiente do Concello de Bueu. A entrega tivo lugar no decurso dun acto celebrado na Casa do Pobo de Beluso, presidido polas autoridades municipais, e no cal o presidente do Padroado falou dos ouxectivos e os fins da FUNDACION NOVAS.

Noutro orden de cousas, a Fundación segue a realizar xestións encamiñadas a venda dos seus bens inmobles –un apartamento e unha praza de garaxe- na urbanización Nueva Andalucia, no concello malagueño de Marbella. Ata estas destas non fructificaron ditas xestións. O longo do vindeiro ano vanse encargar os estudos técnicos e a documentación necesarios para solicitar o Protectorado de Fundacións da Consellería de Educación o oportuno e legal permiso para a venda. Este apartamento segue en réximen de aluguer por temporada, pero os ingresos obtidos por esta actividade non cubren os elevados gastos de comunidade, o que ven de repercutir na actividade financeira da nosa entidade benéfica i está a impedir que se poidan incrementar as axudas tanto os estudantes como ás entidades educativas e colexios.

D. JESUS PORTELA MEDRAÑO

Presidente do Padroado

